



Plan de Continxencia 2020/21

Novembro 2020

ÍNDICE

ACTUACIÓN S PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO	3
ACTUACIÓN S PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL	6
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	8

O Plan de Continxencia do centro educativo **CPR Plurilingüe Esclavas SCJ** ten por finalidade establecer o plan de acción a seguir no caso de que:

- Un alumno ou empleado do centro presente síntomas compatibles durante a xornada de permanencia no centro.
- Un alumno o empleado do centro sea diagnosticado positivo en COVID19.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente **Plan de Continxencia**:

ALUMNADO

- Levarase a un espazo separado de uso individual: Recibidor pequeno do fondo.
- Colocaráselle unha máscara cirúrxica (en caso de non tela), tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado. Esta última levará ademais pantalla protectora e bata.
- Contactarase coa familia (portería).
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061 (portería).

PERSOAL

- O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por unha máscara e seguir as instrucións do seu centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
3. A **familia dun neno ou nena** con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
 4. Non acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
 5. Estabrécese a obriga de **comunicación obrigatoria de sintomatoloxía ou de confirmación** por parte do persoal ou alumnado ao equipo Covid do centro. Realizarase por medio do correo EquipoCovid@colegioesclavas.org.

6. No suposto da aparición dun caso de COVID19 nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do Equipo COVID contactará co Centro de Seguimento de Contactos (CSC) no teléfono específico para educación.
7. No caso de confirmación non detectada no propio centro, o CSC poráse en contacto co persoa de referencia ou caso confirmado, para facilitarlle indicacións epidemiolóxicas e identificar os contactos, e notificará ao EquipoCovid a situación.
8. As persoas con diagnóstico positivo confirmado deberán permanecer illadas nos seus domicilios durante un período de 10 días, sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.
9. Para a determinación da rede de contactos o Equipo Covid contará coa axuda do CSC. Os contactos estreitos no centro notificaranse exclusivamente a través da aplicación informática **EduCovid**, que será accesible para o persoal sanitario. A persoa coordinadora do Equipo Covid incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a e a súa rede de contactos. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
10. Será a dirección do centro quen diante aos posibles contactos estreitos a súa condición (a eles e unicamente a eles) cando se trate de persoas traballadoras ou alumnado do centro.
11. As persoas consideradas contactos estreitos deberán suspender a asistencia ao centro por un período de 10 días, sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias.
12. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.
13. Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao Equipo Covid do centro no correo EquipoCovid@colegioesclavas.org.
14. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa **comunicación á comunidade educativa**, se procede, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
15. A autoridade **sanitaria**, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
 - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

16. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

17. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

18. Para calquera dúbida chamarase ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (**Centro Saúde San José, Equipo Covid Escuela**), ou ao teléfono de referencia do SERGAS.

CENTRO SAÚDE SAN JOSÉ

- **San José A: Bernabé de Miguel Bartolomé**
- San José B: Alfonso López-Silvarrey Varela

ACTUACIONES PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual e a través de tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento e informará á Consellería co fin de adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas dentro do “Plan de Ensino non presencial”:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Asamblea diaria en formato audiovisual.
- Pequenos vídeos explicativos relacionados cos contidos curriculares.
- Videoconferencias semanais en grupos pequenos.
- Seguimento do proceso de aprendizaxe a través da aplicación Classroom da G-Suite.
- Atención á diversidade a cargo do departamento de orientación: Apoios, sesións Pt e AL.
- Entrevistas coas familias por teléfono/videoconferencia.

EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO

- **Horario:** Manterase o horario habitual de clases. O proceso de ensino-aprendizaxe será guiado nestas horas polo profesorado ben a través de clases online (60%) ou ben mediante tarefas e actividades a través da aplicación Classroom da G-suite (40%).
- **Control de asistencia:** Cada profesor pasará lista na súa clase ao comezo da mesma seguindo o horario de aula. Rexistraranse as ausencias ou retrasos na plataforma educativa GlobalEduca.
- **Simulacros:** Durante o período de ensino presencial levaranse a cabo simulacros de conexión co alumnado para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir relacionadas coas aplicacións empregadas para o suposto de ensino non presencial.

- **Seguemento actividade docente:** A través da plataforma Educativa GlobalEduca.
- **Avaliación:** O profesorado seguirá as pautas establecidas na súa materia para avaliar o progreso do alumnado.
- **Atención á diversidade:** A cargo do departamento de orientación a través das horas de apoio e sesións de PT e AL.
- **Titoría:** Reunión semanal do grupo co titor/a.
- **Entrevistas coas familias:** Por teléfono ou videoconferencia.
- **NORMAS DE CONVIVENCIA - ENSINO NON PRESENCIAL**

- O horario establecido para as clases virtuais é de obrigado cumprimento para todo o alumnado.
- O profesor pasará lista ao inicio da clase. Os retrasos ou ausencias deberán ser xustificadas pola familia.
- O usuario e o contrasinal das aulas virtuais son persoais e intransferibles.
- O alumnado seleccionará adecuadamente o espazo físico onde recibirá a sesión de clases virtuais.
- Aínda que o uso do uniforme escolar non é obrigatorio, o alumnado utilizará unha vestimenta apropiada para o desenvolvemento da clase.
- Para unha adecuada identificación, o alumnado ingresará á sesión virtual coa cámara aberta e logo continuará segundo as indicacións do profesor.
- Se o alumnado ingresa con retraso, manterá o seu micrófono en silencio e escribirá o seu nome no chat para que o profesor o identifique.
- Durante o desenvolvemento da sesión virtual o micrófono manteráse en silencio salvo que o profesor indique o contrario.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación a modo orientativo, que poderán ser modificadas segun as indicacións das autoridades competentes:

- **Fase 1: Adecuación dos espazos.**
 - ★ Duración: **10-14 DÍAS LECTIVOS**. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.
 - ★ A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do **0 %**.
 - ★ Obxectivos: Limpeza e desinfección de espazos. Análise da situación e reorganización de quendas e espazos cando proceda.
- **Fase 2: Reforzo da formación en hábitos de saúde e hixiene e reactivación do ensino presencial.**
 - ★ Duración: 1 SEMANA
 - ★ A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 100 %
 - ★ Obxectivos: Reforzo das rutinas e procedementos de hixiene. **15 min cada mañá ao comezo das clases.**